



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 11/2023, DO DÍA 30
DE NOVEMBRO DE 2023**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembridge, sendo ás vinte horas e nove minutos do xoves día 30 de novembro de 2023, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 27.11.2023, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia da Alcaldesa-Pedánea, D^a. Patricia Otero Carrera, asistindo os seguintes vocais:

D ^a . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE
D. Eduardo Vila Pereira	PP

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA:

1. Actas anteriores:

- núm. 9/2023, do 28 de setembro de 2023.
- núm. 10/2023, do 2 de novembro de 2023.

- 2. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto núm. 2023 34 por un importe total conxunto de 2.587,28 €.**
- 3. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento do reparo suspensivo para o pago da débeda por importe de 90.000 € (Auto de homologación de acordo núm. 60/2023 do 13.07.2023 emitido polo Xulgado Contencioso-Admvo. nº 2 de Vigo no P.O. 063/2023, promovido por “ANTONIO MARTIÑO GÓMEZ”), expte. 16/2023.**

II. PARTE DE CONTROL:

- 4. Resolucións da alcaldía – pedanía.**
- 5. Rogos e preguntas.**

Ábrese a sesión pola Sra. Alcaldesa Pedánea á hora arriba indicada.



Entidade Local Menor de Bembrive

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

1. Actas anteriores:

- núm. 9/2023, do 28 de setembro de 2023.
- núm. 10/2023, do 2 de novembro de 2023.

Sometidas á consideración da Xunta Veciñal os borradores das actas das sesións citadas, distribuídas coa convocatoria desta sesión, o Sr. Vila Pereira pide a palabra para manifestar que hai cuestións nas actas que non ten moi claras e prefire revisalas e que queden pendentes de aprobación para outro pleno porque ao mellor pola grabación non se interpretan ben.

A secretaria-interventora manifesta que nalgunha acta foi imposible transcribir a literalidade das intervencións realizadas nas referidas sesións porque non se entenden as grabacións e propón poñer a disposición de todos os vocais as mesmas e facer, no caso de que procedan, os cambios oportunos, co que quedarían pendentes de aprobación ata a próxima sesión ordinaria.

ACORDO: Todos os vocais manifestan estar de acordo en deixar pendentes de aprobación as citadas actas ata a próxima sesión ordinaria da Xunta Veciñal que se celebre.

2. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto núm. 2023 34 por un importe total conxunto de 2.587,28 €.

A Alcaldesa-Pedánea dá conta da proposta do 27.11.2023 co seguinte contido:

“Asunto: Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo interposto pola Secretaria-Interventora das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto núm. 2023 34.”

Identificación dos gastos	Data	Concepto	Importe íntegro (€)	Núm. Total Xustificantes
Relación de Xustificante de gasto núm. 2023/34: dende GAS NATURAL S.U.R. SDG., S.A. – UNIÓN FENOSA xust. 2023/66-146 por 69,18 € ata GAS NATURAL S.U.R. SDG., S.A. – UNIÓN FENOSA xust. 2023/66-306 por 124,68 €	24.11.23	Varios s/ Relación de Xustificantes de Gasto 2023/34	2.587,28 €	22



Entidade Local Menor de Bembrive

En relación ao expediente de pagamento de varias facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2023 34 por un importe conxunto de 2.587,28 €, emítese proposta en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. – *Vista a necesidade de pagamento das anteditas facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2023 34 por un importe total de 2.587,28 € correspondentes á bolsa de vinculación 9.2.*

SEGUNDO. - *Que o 27 de novembro de 2023 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora interpoñendo reparo suspensivo por carecer de consignación orzamentaria na bolsa de vinculación xurídica correspondente no momento de realización dos gastos e por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.*
- *RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.*
- *RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.*
- *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP, no sucesivo).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC, en posteriores citas).*

Por elo, visto o informe da secretaria-interventora de data 27 de novembro de 2023 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. – *Levantar o reparo suspensivo interposto pola Secretaria-Interventora no seu informe emitido con data 27 de novembro de 2023 ás facturas incluídas na relación de Xustificantes de gasto 2023 34 adxunta, polo total expresado de 2.587,28 euros (IVE incluído).*



Entidade Local Menor de Bembridge

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....

No expediente consta informe da Secretaría Intervención, emitido o 27.11.2023, cuxas conclusións son as seguintes:

“Conclusións:

1ª.- O artigo 173.5 do TRFLFL sinala, expresamente, que non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe de créditos autorizados no estado de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolución e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

2ª.- A realización de gastos sen consignación orzamentaria e o posterior recoñecemento e abono, supón, como se ven indicando reiteradamente dende esta Intervención, unha práctica totalmente indebida que obedece a unha falta de control do gasto e que inflúe moi negativamente no equilibrio económico desta Entidade Local.

3ª.- Por todo elo, esta Intervención reitera a necesidade de tomar medidas contundentes de control do gasto público que eviten que no futuro se reitere dita circunstancia.

4ª.- O expediente de contratación en contratos menores, previsto no art. 118, non se pode utilizar cando se trate de prestacións periódicas e reiteradas no tempo (art. 29.8 LCSP), como é o caso dos gastos obxecto do presente expediente.

Carácter e efectos dos reparos formulados:

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, procede **fiscalizar desfavorablemente** e formular **reparo suspensivo**, conforme ao disposto nos artigos 216 a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, pola **carencia de crédito** e **omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais** que dan lugar a **nulidade do acto administrativo**, en virtude do artigo 39.1 da LCSP que remite ao art. 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPACAP) e art. 39.2 b) da LCSP por **prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido** (apartado 1, letra e), como consecuencia de non haber tramitado o correspondente procedemento previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, que se esixe para a tramitación administrativa que exceda dos importes e requisitos do contrato menor



Entidade Local Menor de Bembridge

para garantir os requisitos de publicidade e os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.

O citado reparo ten carácter suspensivo e corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade cos artigos 217.2 a) do TRLRFL e 15.2 a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.

Por tanto, dáse conta do presente reparo ao órgano da Entidade Local correspondente (Xunta Veciñal) para que adopte as decisións que procedan en relación coa normativa exposta.

Xa en informes anteriores indiquei que, posto que se tratan de servizos e subministros periódicos e de prestación continuada, as consideracións desfavorables expostas facíanse extensivas, en tanto se mantiveran as mesmas circunstancias, ás sucesivas facturas que se emitiran polas mesmas empresas e conceptos e foran propostas para a súa aprobación por conta do orzamento da ELM, polo que reitero que presentan circunstancias irregulares no eido da contratación administrativa e do procedemento administrativo de recoñecemento das obrigacións e ordenación do pagamento no tocante aos subministros e servizos que prestan.

Lémbrese que, á vista do tenor literal do precepto 28 da LTAIPBG 19/2013, constitúen **infraccións moi graves “Os compromisos de gastos, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente para realizalos ou con infracción do disposto na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou na de Orzamentos ou outra normativa orzamentaria que sexa aplicable e a omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos, cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da intervención, regulado na normativa orzamentaria”**, que neste caso afectará ao órgano que determine a continuación do procedemento, sen agardar a que se leve a cabo o procedemento descrito nos artigos 12 e 15 do RD 424/2017.

Por último, compre sinalar que anualmente darase conta destes informes contrarios aos reparos á Xunta Veciñal, con motivo da liquidación do orzamento, e ao Tribunal de Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo da Comunidade Autónoma, con motivo da aprobación da Conta Xeral, por mandato dos apartados 6 e 7 do art. 15 RD 424/2017.”

.....

Intervencións: O Sr. Vila Pereira pide a palabra para insistir no de sempre, que teñen, tamén se inclúe él, que traballar nos presupostos para evitar eses reparos



Entidade Local Menor de Bembrive

suspensivos e levantamentos, como así o di a propia secretaria-interventora, que se está facendo mal, quere insistir niso, que xa o ten dito en varias ocasións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (Sra. Otero Carrera - Alcaldesa-Pedánea - e dos vocais Antía González Fernández, José González Domínguez e Manuel Costas Costas) e un voto en contra (do vocal Eduardo Vila Pereira), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

3. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento do reparo suspensivo para o pago da débeda por importe de 90.000 € (Auto de homologación de acordo núm. 60/2023 do 13.07.2023 emitido polo Xulgado Contencioso-Admvo. nº 2 de Vigo no P.O. 063/2023, promovido por “ANTONIO MARTIÑO GÓMEZ”), expte. 16/2023.

A Alcaldesa-Pedánea manifesta que antes de leer a proposta vai explicar os antecedentes desta situación (reclamación e demanda de Antonio Martiño Gómez) dando lectura a un informe que a propia Alcaldía solicitou ao avogado desta Entidade Local:

“INFORME RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA Y DEMANDA DE D. ANTONIO MARTIÑO GÓMEZ A LA ENTIDAD LOCAL MENOR DE BEMBRIVE

ANTECEDENTES

En fecha 30/09/2021 D. Antonio Martiño presenta relación de facturas vía FACE en concepto de honorarios por la defensa letrada en diversos procedimientos en los que fue parte demandada la ENTIDAD LOCAL MENOR DE BEMBRIVE (en adelante ELMB).

Se nos remiten las facturas por el Alcalde pedáneo para el estudio de la procedencia de su pago. Se le solicita el expediente administrativo en relación a los servicios prestados o bien copia de los autos judiciales objeto de facturación. Se indica que no existe documentación, que tratarán de localizarla.

En fecha 30/01/2022 se presenta vía FACE, de nuevo por el Sr. Martiño, relación de facturas en concepto de honorarios por la defensa letrada en diferentes procedimientos judiciales, habiendo sido parte demandada la ELMB.

De nuevo se nos remite las facturas por el Alcalde pedáneo y en fecha 02/02/2022 se solicita de nuevo por este despacho que nos remita el expediente administrativo correspondiente o bien los autos de los procedimientos judiciales facturados. Nos

Páxina 6 de 17



Entidade Local Menor de Bembrive

comunican que en el registro de la entidad no consta ni expediente administrativo ni autos de referencia.

En fecha **25/02/2022** se remite a la ELMB borrador de escrito de solicitud de documentación acreditativa de los servicios facturados para remitir al Sr. Martiño y comprobar así la certeza de los servicios prestados.

En fecha **24/03/2022** el Sr. Martiño remite burofax a la ELMB solicitando el pago de las facturas emitidas.

En fecha **20/04/2022** se envía de nuevo por este despacho el documento de requerimiento de documental para remitir al Sr. Martiño y se recuerda a la ELMB que expidan la solicitud. Dicho requerimiento se reitera en fecha **06/05/2022, 20/06/2022, 03/10/2022 y 24/10/2022**.

El **16/06/2022** se requiere al Sr. Martiño por el alcalde pedáneo para que efectúe sus comunicaciones con la ELMB vía registro electrónico.

El **17/06/2022** el Sr. Martiño presenta reclamación de pago de las facturas remitidas por FACE vía registro electrónico. Esta documentación no se remite por el departamento de administración de la ELMB a este despacho de abogados. No se dio respuesta por parte de la administración al administrado.

En fecha **02/10/2022** el Sr. Martiño remite de nuevo requerimiento de pago adjuntando copia de las facturas. Esta documentación no se remite por el departamento de administración de la ELMB a este despacho de abogados. No se dio respuesta por parte de la administración al administrado.

En fecha **03/11/2022** se remite por la ELMB requerimiento al letrado de que aporte los autos judiciales que sostienen el objeto de facturación.

En fecha **16/11/2022** el Sr. Martiño presenta por registro electrónico resoluciones de la alcaldía en las que se le designa como letrado y resoluciones judiciales en las que ejerció la defensa letrada. Esta documentación no se remite por el departamento de administración de la ELMB a este despacho de abogados. No se dio respuesta por parte de la administración al administrado.

En fecha **02/03/2023** nos hacen llegar demanda de recurso contencioso administrativo presentada por D. Antonio Martiño, turnada al Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº2 de Vigo, autos número 63/2023.

Estudiada la demanda, se solicita al departamento de administración de la ELMB que nos envíe los escritos presentados en vía administrativa por el demandante y,



Entidade Local Menor de Bembrive

en particular, la documentación adjunta, probatoria de la efectiva prestación de servicios del letrado demandante.

*En fecha **23/03/2023**, con el fin de comprobar la veracidad de la documentación presentada, se requiere a los procuradores personados en los procedimientos que nos trasladen copia de los autos judiciales.*

*En fecha **24/03/2023**, la procuradora personada en la mayoría de los procedimientos -cuyos honorarios fueron abonados en fecha y forma- nos entrega copia de los autos objeto de facturación. Ese mismo día se requiere de nuevo al departamento de administración de la ELMB que nos remita los documentos presentados por el Sr. Martiño en fecha 02/11/22, 03/11/23 y 16/11/23 por registro electrónico. Se envían en fecha **29/03/2023**.*

*En fecha **31/03/2023** se presenta el correspondiente expediente administrativo al Juzgado.*

*En fecha **11/05/2023** se notifica escrito de demanda contra la ELMB.*

*En fecha **23/05/2023** se presenta declinatoria por falta de jurisdicción que es denegada en fecha **14/06/2023**.*

*En fecha **12/06/2023** se solicita al departamento de administración de la ELMB la relación de facturas pagadas al Sr. Martiño desde el año 2018, la cuales son enviadas en fecha **13/06/2023**.*

*En fecha **14/06/2023** se presenta contestación a la demanda solicitando la desestimación de la demanda y de forma subsidiaria la obligación de pagar facturas por servicios prescritos y en todo caso por el precio correspondiente con el baremo de honorarios para costas del Ilustre Colegio de Abogados de Vigo, ya que no existía un presupuesto previo firmado, para ello se solicita que se oficie al Colegio de Abogados un informe sobre los honorarios facturados.*

*En fecha **27/06/2023** inadmiten nuestra solicitud de oficiar informe al Colegio de Abogados.*

*En fecha **29/06/2023** se alcanza un acuerdo de pago con el demandante.*

*En fecha **30/06/2023** se presenta ante el Juzgado el referido acuerdo.*

VALORACIÓN JURÍDICA



Entidade Local Menor de Bembrive

En un primer lugar la administración no reconoce la procedencia de las facturas porque desconoce el objeto de la mismas y no consta en el registro de la misma ningún documento soporte, salvo dos resoluciones judiciales.

Requerido el demandante para aportar las resoluciones correspondientes, las aporta antes de iniciar la vía judicial, tras la inactividad de la administración en dar respuesta a los requerimientos efectuados presenta demanda de reclamación de cantidad.

Se valora la presentación de solicitud de declinatoria por falta de jurisdicción para tratar de evitar los Juzgados de lo Contencioso en razón de los números antecedentes de esta administración local en dicha jurisdicción, todo ello con el objetivo de evitar vicios del juzgador por asuntos pasados. La declinatoria fue rechazada por lo que el Juzgado de lo Contencioso es el competente para resolver sobre el objeto de demanda.

Valorando la prueba aportada en vía administrativa y vía judicial se comprueba que el letrado demandante fue designado por la alcaldía para la defensa de los procedimientos facturados, salvo en un procedimiento de los facturados, aporta documental acreditativa con la firma de la alcaldesa en funciones en aquel entonces. No se encuentra explicación a la falta de expediente administrativo al respecto, con el agravante de que sí existen resoluciones emitidas de oficio por la alcaldesa, se desconoce por la alcaldía actual el motivo de su falta de archivo por el departamento de administración.

Igualmente se comprueba en los autos judiciales la intervención del letrado que emite las facturas en todos y cada uno de los procedimientos.

Revisados los pagos de la entidad al letrado se confirma que no existen registros oficiales de pagos de facturas por los servicios facturados.

Se contesta la demanda solicitando que se exonere de pago de las facturas por servicios prescritos y en todo caso que el pago lo sea por el precio correspondiente con el baremo de honorarios para costas del Ilustre Colegio de Abogados de Vigo, ya que no existía un presupuesto previo firmado, para lo cual se solicita que se oficie al Colegio de Abogados un informe sobre los honorarios facturados para acreditar las cantidades correspondientes.

El oficio solicitado al juzgado es rechazado por lo que entendemos que el juez no atenderá a la solicitud de rebaja conforme al baremo de honorarios del Colegio de Abogados, por lo que lo más adecuado para evitar el pago parcial de las facturas es alcanzar un acuerdo.



Entidade Local Menor de Bembrive

A tenor de la irregularidad en la emisión de las facturas del Sr. Martiño, pues, aunque en gran parte emite las facturas dentro del periodo de prescripción para la reclamación de la deuda, incumple deliberadamente la normativa de facturación y fiscal, se le propone llegar a un acuerdo en el que rebaje la cuantía de la reclamación y evitar el devengo de mayores intereses.

CONCLUSIONES

El total de las cantidades reclamadas a fecha del acuerdo se corresponde con 98.733,70 € en concepto del total de las facturas reclamadas, deducidas las retenciones por IRPF ya abonadas por la administración, más la cantidad de 13.824,01 € en concepto de intereses de demora y 571,27 € en concepto de intereses de legales, intereses que de proseguir el procedimiento y no habiendo alcanzado el acuerdo se incrementarían en aproximadamente 300 € mensuales hasta el pago de la deuda.

En atención a las circunstancias y valorando las posibilidades de éxito de la demanda interpuesta, se consideró junto a la Alcaldía que, en beneficio de los intereses de la ENTIDAD LOCAL MENOR DE BEMBRIVE se alcanzase un acuerdo con el demandante equivalente a una quita de las cantidades a pagar.

Finalmente, se alcanzó acuerdo en el pago de 90.000€ por todos los conceptos facturados, IVA incluido, del cual se podrá solicitar la devolución, así como de las retenciones pagadas a cuenta del IRPF por las facturas emitidas inicialmente, que tras la rectificación de las mismas proceda. El devengo de intereses se paraliza y no se impone condena en costas.”

A continuación, pola Presidencia dase lectura aos correspondentes **procedementos xudiciais**:

P.O. 323/2017. Juzgado de lo Mercantil nº3 de Vigo. SGAE
P.O. 3/2018. J. Contencioso Adm. nº2 de Vigo. COYSAGRAN, S.L.
P.O. 250/2018. Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº2 de Vigo. NATURGALIA, S.L.
P.A. 437/2018. Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº1 de Vigo. ACELEC INSTALACIONES ELECTRICAS, S.L.
P.A. 453/2018. Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº1 de Vigo. GALICIA ESPECTACULO DE NEGREIRA S.L.
P.O. 4/2017. J. Contencioso Adm. nº1 de Vigo. <u>Recurso de apelación</u> . JARMA DESAROLLOS URBANÍSTICOS, S.L.
P.O. 161/2017. Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº2 de Vigo. <u>Recurso de queja</u> . CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
P.O. 247/2018. Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº1 de Vigo. ATLANTICA DE OBRAS Y MEDIO AMBIENTE, S.L.
P.O. 497/2018. Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº1 de Vigo. LUIS MARTINEZ GOMEZ



Entidade Local Menor de Bembrive

Juicio verbal 303/2018. Juzgado de Primera Instancia nº8 de Vigo. REALE SEGUROS GENERALES, S.A.
Monitorio 203/2019. Juzgado de Primera Instancia nº11 de Vigo. <u>Declinatoria</u> . HERMANOS GARCIA CARRERA S.L.
P.A. 68/2019. Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº1 de Vigo. OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.

.....

A continuación, a alcaldesa-pedánea dá conta da proposta do 27.11.2023 co seguinte contido:

*“En relación ao expediente de pago correspondente ao Auto de homologación do acordo núm. 60/2023 de 13.07.2023 polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo por un importe total conxunto de 90.000 €, emíttese proposta en base aos seguintes **ANTECEDENTES DE FEITO***

PRIMEIRO. – *Examinada toda a documentación obrante no expediente referenciado ao marxe — RE 360 de 24.11.2023 e E-RE 243 de 27.11.2023 -, orixinado polo expte. 16/2023.*

SEGUNDO.- *Vista a necesidade de pago da cantidade recollida no Auto de homologación núm. 60/2023 de data 13 de xullo de 2023 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo promovido por “ANTONIO MARTIÑO GÓNMEZ” por importe total conxunto de 90.000 €.*

SEGUNDO. - *Que o 27 de novembro de 2023 emitíuse informe por parte da secretaria-interventora interpoñendo **reparo suspensivo** por carecer de consignación orzamentaria a nivel de vinculación xurídica dos créditos (Área de gasto / Capítulo), que obra no expediente.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.*
- *RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.*
- *Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.*

Por elo, visto o informe da secretaria-interventora de data 27 de novembro de 2023 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

PRIMEIRO. – **Levantar o reparo suspensivo** da Secretaria-Interventora derivado da insuficiencia de crédito adecuado para aboar o referido gasto pola cantidade de 90.000 euros.

SEGUNDO. – Levantar a suspensión da tramitación do expediente esixida polo artigo 216 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldesa-Pedánea para ordear o pago inmediato da citada cantidade con cargo á conta non orzamentaria de “Pagos pendentos de aplicación” (conta 40001 non presupostaria) en tanto non se dispoña do crédito no orzamento da Entidade e unha vez aprobada a modificación de crédito que proceda aplicar os pagos realizados ao Orzamento saldando a conta 555.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....

No expediente consta **informe da Secretaría Intervención**, emitido o 27.11.2023, cuxas conclusións son as seguintes:

- Non existe crédito para atender aos gastos obxecto deste expediente por 90.000 €, e se formula reparo por tal motivo.

- Os ordenadores de gastos e pagos serán persoalmente responsables de todo gasto que autoricen e de toda obrigación que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente, como ocorre neste caso.

A realización de gastos sen consignación presupostaria pode dar lugar, en caso de ocasionar un prexuízo aos fondos públicos, á esixencia de responsabilidade contable e, ademais, ser constitutiva de una infracción mui grave en materia de xestión económico-presupostaria, de acordo co previsto no artigo 28 da LTAIPBG.

Carácter e efectos do reparo formulado:

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, procede formular reparo suspensivo, conforme ao disposto nos artigos 216.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, por insuficiencia de crédito, que da lugar a nulidade do acto administrativo, en virtude do artigo 39.1 da LCSP que remite ao art. 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPACAP) e art. 39.2 da LCSP.

O citado reparo ten carácter suspensivo e corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade cos artigos 217.2 a) do TRLRFL e 15.2.a) do Real



Entidade Local Menor de Bembrive

Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.”

.....

Intervencións:

O Sr. Vila Pereira pide a palabra para manifestar que escoitaron todo o que pasa con este expediente, que a verdade é abusivo o que cobra este señor, que non sabe se realmente realizou o traballo que tiña que facer como profesional, indicando que o dubida, cree incluso que en vez de defender a propia Entidade defendeu a quen meteu á Entidade nestes jaleos, houbo intereses de ambas partes non o sabe pero dubídao, pero o que sí está claro é que hai que revisar todos os expedientes deste señor, todos os actos aos que él compareceu, incluso aos que non compareceu, porque seguramente está facturando servizos e non compareceu nin ao Xulgado, defensa incluso hacia á Entidade, de obras que estaban sobrevaloradas e que o saben e tamén o sabe o gobernó, que xa estaba aquí porque hai sentenzas, hai facturas duplicadas, incluso hai algunha factura por ahí pendente de reclamar ao contratista por diferencias, e cree que hai que empezar a traballar nese tema, hai ou que reclamarlle a ese señor os danos ocasionados á Entidade Local, que se lle chame como se lle queira chamar, incluso delincuente porque está condenado con varias sentenzas, e os membros deste goberno, que estaban aquí no anterior mandato, levan cinco anos, cree que incluso tiñan que haber denunciado a ese señor para recuperar ese diñeiro hacia a esta Entidade, que agora mesmo o abogado este vai cobrar 90.000 euros así pola súa tontería.

A alcaldesa-pedánea resposta que non queda outra, que é unha sentenza e que hai que pagala, que lle jode a todos pagala pero é o que hai, por desgracia.

O Sr. Vila Pereira di que hai que reclamar, que poderá reclamarse a quen ocasionou o dano.

A alcaldesa resposta que eles (referíndose aos vocais do Partido Popular) tamén estaban aquí na oposición e pregúntalle ao Sr. Vila por qué non puseron daquela.

O Sr. Vila Pereira di que él hai catro anos non estaba, que estaban eles que eran maioría, ao que a alcaldesa-pedánea aclara que se refire aos que estaban con él, que ela non sabe como foi nin como non, que ela non estaba nesa lexislatura.

O Sr. Vila Pereira di que él non se está referindo á actual alcaldesa-pedánea, ao que esta di que parece que se está referindo a ela, e que xa teñen bastantes problemas como para seguir con denuncias, o que queren é sanear canto antes a Entidade, o Sr. Vila Pereira di que entende que tamén hai que recuperar o diñeiro perdido, ao que a alcaldesa resposta que a poder ser sí.



Entidade Local Menor de Bembrive

.....

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (Sra. Patricia Otero Carrera - Alcaldesa-Pedánea - e dos vocais Antía González Fernández, José González Domínguez e Manuel Costas Costas) e un voto en contra (do vocal Eduardo Vila Pereira), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

II. PARTE DE CONTROL:

4. Resolucions da alcaldía – pedanía.

De conformidade ao recollido nos art. 22.2 da Lei 7/1985 e art. 42 do RD 2568/1986 polo que se aproba o ROF, pola Presidencia dase conta da relación das resolucions adoptadas pola mesma dende a convocatoria da última sesión ordinaria celebrada o 28.09.2023 ata a desta, e que estiveron á disposición das e dos vogais dende a convocatoria desta sesión:

Nº.	Data	Descrición
074	27.09.2023	Autorización e disposición de gasto por subministrs e servizos para a XXV “Festa da Sidra 2023” , e autorizar emisión de orde de pago “a xustificar” a favor da Alcaldesa Pedánea, por impte. total de 3.550 €.
075	29.09.2023	Autorización para uso de vías do monte público da ELM de Bembrive, para celebrar actividade deportiva de ciclismo “Cinturón Verde BTT” o 08.10.2023.
076	29.09.2023	Inadmisión a trámite da solicitude de Pintos Maceira, O. (RE 206-23) sobre información económica financeira da ELM de Bembrive.
077	03.10.2023	Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas do persoal laboral, funcionario e dos membros da Xunta Veciñal con dedicación, relativas ao mes de setembro, por 6.844,57 € (impte. neto).
078	05.10.2023	Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 4 xustif. de gasto, nº 25/2023 (servizos e subministrs da Festa Floral 2023), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por impte. bruto de 6.095,44 €.
079	06.10.2023	Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 2 xustif. de gasto, nº 26/2023 (servizos actividades deportivas ciclismo 2023), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por impte. bruto de 6.957,50 €.



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

- 080 06.10.2023 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 4 xustif. de gasto, nº 27/2023** (servizos e submin. Festa da Sidra 2023), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 1.808,90 €**.
- 081 26.10.2023 **Adxudicación de contrato menor de obra** para **Reparación de saneamento na Estrada de Bembrive fronte ao inmovible núm. 232** á Aqualia-FCC Vigo UTE, por impte. total de **2.051,78 €**.
- 082 31.10.2023 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 1 xustif. de gasto, nº 29/2023** (servizo actividade educ. Campamento de verán 2023), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 15.307,35 €**.
- 083 31.10.2023 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** do persoal laboral, funcionario e dos membros da Xunta Veciñal con dedicación, relativas ao mes de **outubro, por 6.857,45 €** (impte. neto).
- 084 31.10.2023 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** do persoal laboral e funcionario, relativas a **atrasos do ano 2023, por 286,81 €** (impte. neto).
- 085 31.10.2023 **Autorización para uso de vías do monte público** da ELM de Bembrive, para celebrar **actividade deportiva “Eifonso Trail” o 26.11.2023**.
- 086 31.10.2023 **Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente da Xunta Veciñal para o 02.11.2023** (5 asuntos).
- 087 07.11.2023 **Ordear á secretaría intervención** desta Entidade a **emisión de certificado solicitado o 03.11.23** (RE 345/23), **no proced. 59/23, de dilixencias de investigación penal, para a remisión á Fiscalía de Vigo**.
- 088 07.11.2023 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 7 xustif. de gasto, nº 30/2023** (servizos e subministrados), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 3.987,81 €**.
- 089 14.11.2023 **En relación ás subvencións directas para actividades de 2023, aceptar reparo suspensivo** da intervención e **desestimar solicitude da Asociación SCDR Helios e outorgar subvencións a C.D. Mosteiro Bembrive F.S., Irmandade de Festas Santiago, e Ateneo Musical, por impte. total de 21.000 €**.
- 090 14.11.2023 **Aprobación do gasto, s/ relación de 28 xustif. de gasto, nº 28/2023** (servizos e subministrados), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 6.505,35 €**.



Entidade Local Menor de Bembrive

- 091 16.11.2023 Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 3 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en xullo 2023**, por impte. bruto total de **1.350,00 €**.
- 092 17.11.2023 **Adxudicación de contratos menores de servizos** para celebración da actividade deportiva **Trail Eifonso** o 26.11.2023, por impte. total de **1.646,08 €**.
- 093 21.11.2023 Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 2 corporativos por asistencia a dúas sesión da Xunta Veciñal en setembro 2023**, por impte. bruto total de **1.800,00 €**.
- 094 22.11.2023 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 20 xustific. de gasto, nº 31/2023** (servizos e subministros), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 4.465,25 €**.
- 095 27.11.2023 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 3 xustific. de gasto, nº 32/2023** (obras), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 6.562,64 €**.
- 096 27.11.2023 **Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal para o 30.11.2023** (5 asuntos).

5. Rogos e preguntas.

O **Sr. Vila Pereira** formula as seguintes preguntas:

- Cando se van a poñer a traballar para facer os orzamentos.
- Cando se vai actuar contra esa xente que fixo un dano moi grave a esta Entidade Local Menor.
- Cando se van reclamar esas cantidades que están recoñecidas en sentenza, incluso ao noso favor, e que hai que facelo canto antes, empezar a traballar en todos ese tema.

A alcaldesa-pedánea di que quedan coas preguntas.

- O Sr. Vila Pereira pregunta si o contrato de servizos de nóminas non sae a concurso, porque aínda por enriba cree que é o mesmo que cobra os 90.000 euros.



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

A alcaldesa-pedánea di que están mirando todo iso, que sí é a mesma persoa, e que ten tela.

.....

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:39 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. da Alcaldesa Pedánea,

Asdo.: Patricia Otero Carrera



A Secretaria-Interventora,

Asdo.: Patricia Alvarellos Leis